

DOMINGO III DE ADVENTO (A)

PRIMEIRA LECTURA Is 35, 1-6a. 10

Lectura do libro do profeta Isaías

¡Que se alegren o deserto e maila terra reseca, que brinque de ledicia a estepa e que floreza! ¡Que, coma a lis, floreza abundantemente, que brinque en exultante danza! Concedéuselle a gloria do Líbano, o esplendor do Carmelo e do Xarón. Eles mesmos verán a gloria do Señor, o esplendor do noso Deus.

Fortalecede as mans adormecidas, e ponde firmes os xeonllos que tremen. Dicídelles ós de corazón tímido: "Collede ánimo, non temades. Velaí o voso Deus. Chega a vinganza, a recompensa de Deus. Chega El mesmo, e salvaravos". Entón abriranse os ollos dos cegos, e os oídos dos xordos destaparanse. Entón o coxo saltará coma un corzo e a lingua do mudo cantará xubilosa.

E os rescatados do Señor volverán por ela, entrarán en Sión con xúbilo, felicidade eterna sobre as súas cabezas. Conseguirán ledicia e felicidade, pois o sufrimento e o pranto fuxirán.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10

R/. (cf. Is 35, 4): **Ven, Señor, a salvarnos.**

Ou: **Aleluia.**

O Señor failles xustiza ós oprimidos
e dálles pan ós famentos.

O Señor libra os cativos.

o Señor abre os ollos dos cegos,

o Señor endereita os dobrados,

o Señor ama os xustos.

O Señor protexe os forasteiros.

O Señor sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.

O Señor reina eternamente,

o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións.

SEGUNDA LECTURA **Sant 5, 7-10**

Lectura da Carta de Santiago

Tede paciencia, irmáns, deica a volta do Señor. Reparade en como o labrego, coa esperanza posta nos preciosos froitos da terra, agarda con paciencia as augas temperás e as serodías. Tede tamén vós paciencia e collede folgos, porque o Señor axiña chegará.

Non vos queixedes, irmáns, uns dos outros, para que non vos sentencien; mirade que o xuíz está xa á porta. No sufrimento e na paciencia, irmáns, seguíde o exemplo dos profetas que faláron no nome do Señor.

EVANXEO **Mt 11, 2-11**

Lectura do Santo Evanxeo segundo Mateo

Naquel tempo, Xoán, oíndo falar na cadea das obras de Cristo, mandou os seus discípulos a lle preguntar: - ¿Es ti o que ten que vir ou esperamos a outro?

Respondeulles Xesús: - Ide e contádelle a Xoán o que estades oíndo e vendo: os cegos ven e os coxos andan, os leprosos fican limpos e os xordos oen, os mortos resucitan e ós pobres estáselles anunciando a Boa Nova. ¡E ditoso quen non se escandalice de min!

Non ben se foron eles, comezou Xesús a falar de Xoán á xente: - ¿Que fostes ver ó deserto?: ¿unha cana abaneada polo vento?

Pois logo, ¿que fostes ver?: ¿un home vestido con roupas finas? Pero os que visten roupas finas están nos pazos dos reis. Pois logo, ¿a que saístes?: ¿a ver un profeta? Si, e abofé que moito máis ca un profeta. Este é de quen está escrito:

Olla, mando o meu mensaxeiro diante de ti, para que prepare o teu camiño.

Tede por seguro que non naceu de muller ningún meirande ca Xoán Batista, aínda que o máis pequeno no Reino dos Ceos é meirande ca el.